


José María Miranda Boto, SECRETARIO DA FACULTADE DE DEREITO  
da Universidade de Santiago de Compostela:

**CERTIFICO:**

Que segundo consta na documentación obrante nesta Secretaría, a  
Facultade de Dereito, ten asinados Convenios de Intercambio  
Erasmus coas Universidades que se relacionan no anexo I, e  
Convenios de Intercambio SICUE coas Universidades que se  
relacionan no anexo II.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino a presente  
certificación en Santiago de Compostela, a once de outubro de dous  
mil doce.



1. I PADOVA01 - Università Degli Studi Di Padova Italia
2. PL LODZ01 - Uniwersytet Lodzki Polonia
3. PL LUBLIN03 - Politechnika Lubelska Polonia
4. RO SUCEAVA01 - University Stefan Cel Mare Seceava Rumania
5. RO TIMISOA01 - Universitătea de Vest Din Timisoara Rumania
6. I BOLOGNA01 - Università Degli Studi Di Bologna Italia
7. I COSENZA01 - Università Degli Studi Della Calabria Italia
8. I MESSINA01 - Universita Di Messina Italia
9. I TRIESTE01 - Università Degli Studi Di Trieste Italia
10. I CAGLIAR01 - Università Degli Studi Di Cagliari Italia
11. I FIRENZE01 - Università Degli Studi Di Firenze Italia
12. I REGGIO01 - UNIVERSITÀ DEGLI STUDI MEDITERRANEA Italia
13. I SASSARI01 - Universty of Sassari Italia
14. F CHAMBER01 - Universite de Savoie Francia
15. F MARSEIL03 - Université Paul Cezanne Francia
16. F ORLEANS01 - Université D'orléans Francia
17. F PERPIGN01 - Universite de Perpignan Francia
18. F REIMS01 - Universite de Reims Champagne-Ardenne Francia
19. F STRASBO48 - UNIVERSITÉ DE STRASBOURG Francia
20. F CERGY07 - Université de Cergy Pontoise Francia
21. F NANTES01 - Université de Nantes Francia
22. HU BUDAPES01 - EÖtvös Loránd-Budapest Hungría
23. HU BUDAPES12 - PAZMÁNY PÉTER KATOLIKUS EGYETEM Hungría
24. HU DEBRECE01 - University of Debrecen Hungría
25. HU MISKOLC01 - UNIVERSITY OF MISKOLC Hungría
26. HU PECS01 - University of Pecs Hungría
27. RO SIBIU01 - Universitatea Lucian Blaga din Sibiu Rumania
28. F TOULOUS01 - Université Toulouse 1 - Capitole Francia
29. D BAYREUT01 - Universität Bayreuth Alemaña
30. D MANNHEI01 - Universität Mannheim Alemaña
31. D PASSAU01 - Universität Passau Alemaña
32. P PORTO57 - Universidade Lusófona do Porto Portugal
33. F AMIENS01 - UNIVERSITE DE PICARDIE JULES VERNE Francia
34. BG SOFIA06 - Sofia University St. Kliment Ohridski Bulgaria
35. CH FRIBOUR01 - UNIVERSITÉ DE FRIBOURG Suiza
36. CZ BRNO05 - Masarykova Univerzita República Checa
37. CZ OLOMOUC01 - UNIVERZITA PALACKEHO V OLOMUCI República Checa
38. CZ PLZEN01 - Zapadoceska univerzita v Plzni República Checa
39. CZ PRAHA07 - Univerzita Karlova V Praze República Checa
40. D BERLIN14 - hochschule für technik und wirtschaft berlin Alemaña
41. D KIEL01 - Christian-Albrechts-Universität Zu Kiel Alemaña
42. D MUNSTER01 - Westfälische Wilhelms-Universität Münster Alemaña
43. D OSNABRU01 - Universität Osnabrück Alemaña
44. EE TARTU02 - University of Tartu Estonia
45. F BESANCO01 - Université de Franche-Comté Francia
46. F BREST01 - UNIVERSITE DE BRETAGNE OCCIDENTALE-UBO Francia



47. F CAEN01 - Université de Caen Basse-Normandie Francia
48. F METZ01 - Université Paul Verlaine - Metz Francia
49. F PARIS002 - Université Panthéon-Assas Francia
50. F PARIS005 - Université Rene Descartes Paris 5 Francia
51. F POITIER01 - Université de Poitiers Francia
52. F RENNES01 - Université de Rennes I Francia
53. F ST-ETIE01 - Université Jean Monet - St. Etienne Francia
54. F TOURS01 - François Rabelais, Tours Francia
55. F VERSAIL11 - Université de Versailles Saint-Quentin-en-Yvelines Francia
56. HR ZAGREB01 - University of Zagreb Croacia
57. HU SZEGED01 - Szegedi Tudományegyetem Hungría
58. LT VILNIUS01 - Vilniaus Universitetas Lituania
59. LT VILNIUS06 - Mykolas Romeris University Lituania
60. LV RIGA37 - RIGAS JURIDISKA AUGSTSKOLA Letonia
61. N BERGEN01 - University of Bergen Noruega
62. PL BIALYST04 - Uniwersytet w Białymstoku Polonia
63. PL GDANSK01 - Uniwersytet Gdanski Polonia
64. PL KATOWIC01 - UNIWERSYTET ŚLĄSKI W KATOWICACH (UNIVERSITY OF SILESIA) Polonia
65. OF SILESIA) Polonia
66. PL KRAKOW01 - Uniwersytet Jagielloński W Krakowie Polonia
67. PL LUBLIN02 - KATOLICKI UNIWERSYTET LUBELSKI JANA PAWŁA II Polonia
68. PL OPOLE01 - UNIWERSYTET OPOLSKI Polonia
69. PL POZNAN01 - Adam Mickiewicz University of Poznan Polonia
70. PL RZESZOW02 - University of Rzeszow Polonia
71. PL SZCZECI01 - UNIWERSYTET SZCZECIŃSKI W SZCZECINIE (SZCZECIN UNIVERSITY) Polonia
72. UNIVERISTY) Polonia
73. PL TORUN01 - Nicholas Copernicus University (uniw. Mikołaja Kopernika) Polonia
74. PL WARSZAW01 - Uniwersytet Warszawski Polonia
75. PL WARSZAW07 - Uniwersytet Kardynała Stefana Wyszyńskiego W Warszawie Polonia Dereito Grao/Posgrao 2 10
76. PL WROCLAW01 - University of Wroclaw Polonia
77. RO BUCURES09 - Universitatea Din Bucuresti Rumania
78. SF TURKU02 - ABO AKADEMI UNIVERSITY Finlandia
79. SI LJUBLJA01 - University of Ljubljana Eslovenia
80. SK BRATISL02 - COMENIUS UNIVERSITY IN BRATISLAVA Eslovaquia Dereito
81. SK KOSICE02 - Univerzita Pavla Jozefa Safarika v Kosiciach Eslovaquia Dereito
82. SK TRNAVA01 - Trnavská Univerzita V Trnave Eslovaquia
83. TR ANKARA01 - Ankara Üniversitesi Turquía
84. TR ISTANBU11 - Istanbul Bilgi University Turquía
85. F LE-MANS01 - Université Du Maine Francia
86. TR ADANA01 - Çukurova Üniversitesi Turquía
87. TR MERSIN02 - ÇAG ÜNİVERSİTESİ Turquía



- 88.I ENNA01 - Università Kore di Enna Italia
- 89.I GENOVA01 - Università Degli Studi Di Genova Italia
- 90.I NAPOLI01 - Università Degli Studi Di Napoli Federico II Italia
- 91.I PISA01 - Università Degli Studi Di Pisa Italia
- 92.I TERAMO01 - Università Degli Studi Di Teramo Italia
- 93.P BRAGA01 - Universidade do Minho Portugal
- 94.P BRAGA01 - Universidade do Minho Portugal
- 95.P COIMBRA01 - Universidade de Coimbra Portugal
- 96.P COIMBRA12 - INSTITUTO SUPERIOR BISSAYA BARRETO Portugal
- 97.P LISBOA02 - Universidade de Lisboa Portugal
- 98.D HALLE01 - Martin-Luther-Universität Halle-Wittenberg Alemaña
- 99.I PERUGIA01 - Università Degli Studi Di Perugia Italia
- 100. P ARCOZEL01 - Instituto Politécnico do Cávado e do Ave Portugal
- 101. A INNSBRU01 - Leopold-Franzens Universität Innsbruck Austria
- 102. A SALZBUR01 - Universität Salzburg Austria



1. Universidad de Alcalá de Henares
2. Universidad Autónoma de Madrid
3. Universidad de Barcelona
4. Universidad de Burgos
5. Universidad de Cantabria
6. Universidad de Castilla \_ La Mancha
7. Universidad Complutense de Madrid
8. Universidad de Córdoba
9. Universidad de Extremadura
10. Universidad de Granada
11. Universidad de Huelva
12. Universidad de Jaén
13. Universidad de Jaime I
14. Universidad de Las Palmas de Gran Canaria
15. Universidad de León
16. Universidad de León
17. Universidad Pablo Olavide
18. Universidad Pompeu Fabra
19. Universidad Rovira i Virgili





## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O PARLAMENTO DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS DE PRACTICUM PARA ALUMNOS DA FACULTADE DE DEREITO

En Santiago de Compostela, a 12 de febreiro de 2004

### COMPARECEN

Por unha parte o Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro, Rector Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que actúa en nome e representación da Universidade segundo o establecido no artigo 20 da lei 6/2001, de 21 de decembro de Universidades e no Decreto 201/2002, do 13 de Xuño, da Xunta de Galicia.

Por outra parte, o Excmo. Sr. José María García Leira, presidente do Parlamento de Galicia, que actúa en nome e representación da Cámara en virtude do disposto no artigo 31 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Ambas partes recoñécense a representación e mutua capacidade de obrar

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** Que a USC é unha Entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores profesionais e socioeconómicos nos que se inserirán no futuro próximo os seus egresados.

**SEGUNDO.-** Que a Facultade de Dereito da USC ten establecido dentro do seu plano de estudos (2003) a realización dun Practicum de 15 créditos que se estrutura a través de prácticas internas dentro do propio centro e en prácticas externas en colaboración con distintas organizacións de carácter profesional.

**TERCEIRO.-** O Parlamento de Galicia é a máxima institución de autogoberno de Galicia e entre as súas competencias, aparte doutras estatutariamente establecidas, están a de dar a coñecer e promove-lo estudio do dereito autonómico de Galicia así como a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións de Dereito Civil galego.



En vista do que a USC e o Parlamento de Galicia acordan as seguintes

### CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** A finalidade desta colaboración é proporcionar ós alumnos que se van licenciar a posibilidade dunha formación práctica tendente a familiarizalos cos procesos ou actividades que terán que desenvolver nun futuro próximo no ámbito dos seus respectivos traballos. Esta formación habilitarase a través da presenza dos estudantes nas dependencias do Parlamento de Galicia nas que poidan adquirir a mencionada formación, en horarios e coas funcións que se determine pola Comisión de Seguimento.

**SEGUNDA.-** O Practicum estará coordinado pola Facultade de Dereito, correspondendo a supervisión a súa Decana ou persoa na que ela delege. Por parte do Parlamento de Galicia a coordinación desenvolverase a través dos funcionarios que designe a Cámara.

**TERCEIRA.-** A adscrición dos alumnos deberá facerse consonte os criterios fixados polos responsables universitarios.

**CUARTA.-** Ó remate de cada período de Practicum os alumnos deberán elaborar unha memoria final sobre o traballo realizado. Ademais os titores responsables da entidade colaboradora elaborarán un informe sobre a actuación dos estudantes. Este informe servirá como certificación da realización do Practicum dos estudantes no Parlamento de Galicia.

**QUINTA.-** A Universidade de Santiago comprométese a expedi-las correspondentes acreditacions ós profesionais asociados que actúen como titores no Practicum.

**SEXTA .-** Os profesionais titores comprométese a orientar e asesorar individualmente a cada estudante de xeito que se facilite a súa aprendizaxe nese contexto específico a través de diversas actividades, e a facilitar ós estudantes os datos e axudas necesarias para o coñecemento da realidade á que se incorporan de maneira que poidan participar nos proxectos de traballo que se están realizando.

Tamén deberán facer un seguimento formativo do alumnado que titoriza, artellando a fórmula máis axeitada para que a experiencia resulte beneficiosa para ambos e emitir informe de aproveitamento do alumnado segundo os criterios fixados polos responsables universitarios do Practicum.

**SÉTIMA.-** A realización destas prácticas non xenera ningunha relación xurídica, civil nin laboral, entre o Parlamento e os alumnos, os que non percibirán da Cámara ningún tipo de retribución pola súa actividade e manterán cuberta a súa asistencia médica, farmacéutica e hospitalaria co seguro escolar.

O alumnado respectará en todo momento a vida institucional e administrativa do Parlamento ó que se incorporan especialmente coas persoas coas que establecen relación e cos recursos que utilicen.



**OITAVA.-** A realización deste convenio non supón contraprestación económica algunha polas entidades asinantes.

**NOVENA.-** Para o seguimento e cumprimento do convenio establecerase una comisión mixta paritaria integrada por un representante da Facultade de Dereito da USC e un representante do Parlamento de Galicia. Esta comisión dictará as súas normas internas de funcionamento debéndose reunir cando o solicite algunha das partes do mesmo.

Terá asemade as seguintes funcións:


- 1) A interpretación do convenio.
- 2) A proposta de addendas ou modificacións ó mesmo.
- 3) Formular as convocatorias correspondentes a cada curso académico para a realización do Practicum de acordo cos criterios fixados polos responsables universitarios.
- 4) Establecer os criterios de seguimento e avaliación dos programas do Practicum.
- 5) Determinar as dependencias onde se realizarán as actividades do Practicum.
- 6) A intervención previa á resolución por incumprimento, a coordinación de funcións e calquera outra relacionada co bo funcionamento deste convenio.

**DÉCIMA.-** O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e a vixencia será de dous cursos académicos. Transcurrido este tempo, o convenio prorrogarase automaticamente por dous cursos académicos máis, agás denuncia expresa do mesmo por calqueira das partes, e así sucesivamente.

**DECIMOPRIMEIRA.-** As partes poderán modificar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, a súa vez, denunciar o presente acordo comunicando por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data no que o vai dar por rematado. En ámbolos dous casos deberán rematarse as tarefas que se estean a realizar.

**DECIMOSEGUNDA.-** O presente acordo ten natureza administrativa. As dúbidas na súa interpretación serán resoltas pola comisión paritaria así como as discrepancias que poidan xurdir na súa execución. Das cuestións litixiosas coñecerá a xurisdicción contencioso-administrativa dado o carácter público da USC.






E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados

Polo Parlamento de Galicia

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Asdo. José María García Leira



Asdo.. Senén Barro Ameneiro

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS DE PRACTICUM PARA ALUMNOS DA FACULTADE DE DEREITO**

En Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2006

**COMPARECEN**

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que actúa en nome e representación da Universidade segundo o establecido no artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro de Universidades e no Decreto 201/2002, do 13 de xuño, da Xunta de Galicia.



Doutra parte, o Excmo. Sr. D. Luciano Fariña Busto, Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia (en adiante Consello) facendo uso da competencia que lle confire o artigo 8.4 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas e facultado ao efecto para este acto mediante acordo plenario adoptado en sesión celebrada o día 17 de novembro de 2005.

Ámbalas dúas partes recoñécense a representación que ostentan e mutua capacidade de obrar

**EXPOÑEN**

PRIMEIRO.- Que a USC é unha Entidade de Dereito Público que desenvolve

actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores institucionais, profesionais e socioeconómicos nos que se inserirán no futuro próximo os seus egresados.

SEGUNDO.- Que a Facultade de Dereito da USC ten establecido dentro do seu plano de estudos (2003) a realización dun Practicum de 15 créditos que se estrutura a través de prácticas internas dentro do propio centro e en prácticas externas en colaboración con distintas organizacións de carácter profesional.

TERCEIRO.- O Consello, como órgano de fiscalización externa do sector público de Galicia, ten autonomía funcional para o desenvolvemento das súas funcións, segundo se desprende do artigo 1.2 da súa Lei reguladora, e competencia para todo o concernente ao goberno, réxime interior e réxime xurídico do persoal o seu servizo.

CUARTO.- O Consello está interesado en intensificar a colaboración coas universidades públicas de Galicia a fin de impulsar o coñecemento académico da Institución, a investigación científica e divulgación das súas funcións que lle outorga a lexislación vixente.

Na súa virtude a USC e o Consello acordan subscribir o presente Convenio con suxeición as seguintes



## CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A finalidade deste convenio de colaboración é proporcionar aos alumnos que van licenciarse a posibilidade dunha formación práctica tendente a familiarizalos cos procesos ou actividades que terán que desenvolver nun futuro próximo no ámbito dos seus respectivos traballos. Esa formación habilitarase a través da presenza dos estudantes nas dependencias do

Consello nas que poidan adquirir a mencionada formación, en horarios e coas tarefas que se determine pola Comisión de Seguimento.


SEGUNDA.- O Practicum estará coordinado pola Facultade de Dereito, correspondendo a supervisión o seu Decanato ou persoa na que ela delegue. Por parte do Consello a coordinación desenvolverase a través da persoa que sinale o Conselleiro Maior.

TERCEIRA.- A adscrición dos alumnos deberá facerse consonte aos criterios fixados polos responsables universitarios.

O número de alumnos en prácticas destacados pola Universidade no Consello será como máximo de 3 alumnos por curso académico.

CUARTA.- Os alumnos en prácticas comprometeranse a gardar reserva sobre os datos e informes que o Consello non fixera públicos e sobre aqueles outros que pertencendo a outros suxeitos xurídicos o Consello dispón deles exclusivamente para o exercicio das súas competencias.

QUINTA.- Ao remate de cada período de Practicum os alumnos deberán elaborar unha memoria final sobre o traballo realizado. Ademais os titores responsables do Consello elaborarán un informe sobre a actuación dos estudantes. Este informe servirá como certificación da realización do Practicum dos estudantes no Consello.



SEXTA.- A Universidade de Santiago comprométese a expedir as correspondentes acreditacións aos funcionarios asociados que actúen como titores no Practicum.

SÉTIMA.- Os titores comprométese a orientar e asesorar individualmente a

cada estudante de xeito que se facilite a súa aprendizaxe nese contexto específico a través de diversas actividades, e a facilitar aos estudantes os datos e axudas necesarias para o coñecemento da realidade á que se incorporan de maneira que poidan participar nos proxectos de traballo que se están realizando.

Tamén deberán facer un seguimento formativo do alumnado que titoriza, artellando a fórmula máis axeitada para que a experiencia resulte beneficiosa para ambos e emitir informe de aproveitamento do alumnado segundo os criterios fixados polos responsables universitarios do Practicum.

OITAVA.- A realización destas prácticas non supón ningún tipo de relación laboral, estas non serán de ningún xeito retribuídas e non determinarán responsabilidade algunha do Consello, xa que logo os alumnos están cubertos polo seguro escolar.

De acordo co establecido no artigo 140 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, as responsabilidades patrimoniais directas ou subsidiarias que eventualmente puideran imputarse ao Consello por acción ou omisión dos alumnos en prácticas, por razón das actividades conveniadas, será asumida integramente pola Universidade de Santiago de Compostela.



O alumnado respectará en todo momento o réxime interno do Consello a que se incorpora, especialmente coas persoas coas que establecen relación e cos recursos que utilicen.

NOVENA.- A realización deste convenio non supón contraprestación económica algunha polo Consello.

DÉCIMA.- Para o seguimento e cumprimento do convenio establecido

A handwritten signature in black ink, consisting of a stylized 'S' shape.

establecerase unha comisión paritaria integrada por un representante da Facultade de Dereito da USC e un representante do Consello. Esta comisión ditará as súas normas internas de funcionamento debéndose reunir cando o solicite algunha das partes do mesmo.

Terá asemade as seguintes funcións:

- 1) A interpretación do convenio.
- 2) A proposta de addendas ou modificacións ao mesmo.
- 3) Formular as convocatorias correspondentes a cada curso académico para a realización do Practicum de acordo cos criterios fixados polos responsables universitarios.
- 4) Establecer os criterios de seguimento e avaliación dos programas do Practicum.
- 5) Determinar as dependencias onde se realizan as actividades do Practicum.
- 6) A intervención previa á resolución por incumprimento, a coordinación de funcións e calquera outra relacionada co bo fundamento deste convenio.




DÉCIMO PRIMEIRA.- O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e a vixencia será de dous cursos académicos. Transcorrido este tempo, o convenio prorrogarase automaticamente por dous cursos académicos máis, agás denuncia expresa do mesmo por calquera das partes, e así sucesivamente.

DÉCIMO SEGUNDA.- As partes poderán modificar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, a súa vez, denunciar o presente acordo comunicando por escrito á outra parte con tres

meses de antelación á data no que vai dalo por rematado. En ámbolos dous casos deberán rematarse as tarefas que estean realizándose.

DÉCIMO TERCEIRA.- O presente acordo ten natureza administrativa. As dúbidas na súa interpretación serán resoltas pola comisión paritaria así como as discrepancias que poidan xurdir na súa execución. Das cuestións litixiosas coñecerá a xurisdición contencioso-administrativa dado o carácter público da USC e do Consello.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados.





Xosé Antón Sarmiento Méndez, letrado oficial maior do Parlamento de Galicia,

### **F A G O C O N S T A R**

Que dentro do convenio asinado coa Universidade de Santiago de Compostela, a través do cal os alumnos da licenciatura en dereito realizan estancias de practicum no Parlamento de Galicia, esta Institución pode acoller igualmente a alumnos dos programas de doutoramento que poidan desenvolver nela actividades formativas, acceso aos recursos bibliográficos especializados e outras labores de formación que se estimen oportunas.

O que fago constar para os efectos oportunos, en Santiago de Compostela, a dez de xullo de dous mil trece.




José María Miranda Boto, SECRETARIO DA FACULTADE DE DEREITO  
da Universidade de Santiago de Compostela:

**CERTIFICO:**

Que segundo consta na documentación obrante nesta Secretaría, a  
Facultade de Dereito, ten asinados Convenios de Intercambio  
Erasmus coas Universidades que se relacionan no anexo I, e  
Convenios de Intercambio SICUE coas Universidades que se  
relacionan no anexo II.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino a presente  
certificación en Santiago de Compostela, a once de outubro de dous  
mil doce.



1. I PADOVA01 - Università Degli Studi Di Padova Italia
2. PL LODZ01 - Uniwersytet Lodzki Polonia
3. PL LUBLIN03 - Politechnika Lubelska Polonia
4. RO SUCEAVA01 - University Stefan Cel Mare Seceava Rumania
5. RO TIMISOA01 - Universitătea de Vest Din Timisoara Rumania
6. I BOLOGNA01 - Università Degli Studi Di Bologna Italia
7. I COSENZA01 - Università Degli Studi Della Calabria Italia
8. I MESSINA01 - Universita Di Messina Italia
9. I TRIESTE01 - Università Degli Studi Di Trieste Italia
10. I CAGLIAR01 - Università Degli Studi Di Cagliari Italia
11. I FIRENZE01 - Università Degli Studi Di Firenze Italia
12. I REGGIO01 - UNIVERSITÀ DEGLI STUDI MEDITERRANEA Italia
13. I SASSARI01 - Universty of Sassari Italia
14. F CHAMBER01 - Universite de Savoie Francia
15. F MARSEIL03 - Université Paul Cezanne Francia
16. F ORLEANS01 - Université D'orléans Francia
17. F PERPIGN01 - Universite de Perpignan Francia
18. F REIMS01 - Universite de Reims Champagne-Ardenne Francia
19. F STRASBO48 - UNIVERSITÉ DE STRASBOURG Francia
20. F CERGY07 - Université de Cergy Pontoise Francia
21. F NANTES01 - Université de Nantes Francia
22. HU BUDAPES01 - EÖtvös Loránd-Budapest Hungría
23. HU BUDAPES12 - PAZMÁNY PÉTER KATOLIKUS EGYETEM Hungría
24. HU DEBRECE01 - University of Debrecen Hungría
25. HU MISKOLC01 - UNIVERSITY OF MISKOLC Hungría
26. HU PECS01 - University of Pecs Hungría
27. RO SIBIU01 - Universitatea Lucian Blaga din Sibiu Rumania
28. F TOULOUS01 - Université Toulouse 1 - Capitole Francia
29. D BAYREUT01 - Universität Bayreuth Alemaña
30. D MANNHEI01 - Universität Mannheim Alemaña
31. D PASSAU01 - Universität Passau Alemaña
32. P PORTO57 - Universidade Lusófona do Porto Portugal
33. F AMIENS01 - UNIVERSITE DE PICARDIE JULES VERNE Francia
34. BG SOFIA06 - Sofia University St. Kliment Ohridski Bulgaria
35. CH FRIBOUR01 - UNIVERSITÉ DE FRIBOURG Suiza
36. CZ BRNO05 - Masarykova Univerzita República Checa
37. CZ OLOMOUC01 - UNIVERZITA PALACKEHO V OLOMUCI República Checa
38. CZ PLZEN01 - Zapadoceska univerzita v Plzni República Checa
39. CZ PRAHA07 - Univerzita Karlova V Praze República Checa
40. D BERLIN14 - hochschule für technik und wirtschaft berlin Alemaña
41. D KIEL01 - Christian-Albrechts-Universität Zu Kiel Alemaña
42. D MUNSTER01 - Westfälische Wilhelms-Universität Münster Alemaña
43. D OSNABRU01 - Universität Osnabrück Alemaña
44. EE TARTU02 - University of Tartu Estonia
45. F BESANCO01 - Université de Franche-Comté Francia
46. F BREST01 - UNIVERSITE DE BRETAGNE OCCIDENTALE-UBO Francia



47. F CAEN01 - Université de Caen Basse-Normandie Francia
48. F METZ01 - Université Paul Verlaine - Metz Francia
49. F PARIS002 - Université Panthéon-Assas Francia
50. F PARIS005 - Université Rene Descartes Paris 5 Francia
51. F POITIER01 - Université de Poitiers Francia
52. F RENNES01 - Université de Rennes I Francia
53. F ST-ETIE01 - Université Jean Monet - St. Etienne Francia
54. F TOURS01 - François Rabelais, Tours Francia
55. F VERSAIL11 - Université de Versailles Saint-Quentin-en-Yvelines Francia
56. HR ZAGREB01 - University of Zagreb Croacia
57. HU SZEGED01 - Szegedi Tudományegyetem Hungría
58. LT VILNIUS01 - Vilniaus Universitetas Lituania
59. LT VILNIUS06 - Mykolas Romeris University Lituania
60. LV RIGA37 - RIGAS JURIDISKA AUGSTSKOLA Letonia
61. N BERGEN01 - University of Bergen Noruega
62. PL BIALYST04 - Uniwersytet w Białymstoku Polonia
63. PL GDANSK01 - Uniwersytet Gdanski Polonia
64. PL KATOWIC01 - UNIWERSYTET ŚLĄSKI W KATOWICACH (UNIVERSITY OF SILESIA) Polonia
65. OF SILESIA) Polonia
66. PL KRAKOW01 - Uniwersytet Jagiellonski W Krakowie Polonia
67. PL LUBLIN02 - KATOLICKI UNIWERSYTET LUBELSKI JANA PAWLA II Polonia
68. PL OPOLE01 - UNIWERSYTET OPOLSKI Polonia
69. PL POZNAN01 - Adam Mickiewicz University of Poznan Polonia
70. PL RZESZOW02 - University of Rzeszow Polonia
71. PL SZCZECI01 - UNIWERSYTET SZCZECIŃSKI W SZCZECINIE (SZCZECIN UNIVERSITY) Polonia
72. UNIVERISTY) Polonia
73. PL TORUN01 - Nicholas Copernicus University (uniw. Mikołaja Kopernika) Polonia
74. PL WARSZAW01 - Uniwersytet Warszawski Polonia
75. PL WARSZAW07 - Uniwersytet Kardynała Stefana Wyszyńskiego W Warszawie Polonia Dereito Grao/Posgrao 2 10
76. PL WROCLAW01 - University of Wroclaw Polonia
77. RO BUCURES09 - Universitatea Din Bucuresti Rumania
78. SF TURKU02 - ABO AKADEMI UNIVERSITY Finlandia
79. SI LJUBLJA01 - University of Ljubljana Eslovenia
80. SK BRATISL02 - COMENIUS UNIVERSITY IN BRATISLAVA Eslovaquia Dereito
81. SK KOSICE02 - Univerzita Pavla Jozefa Safarika v Kosiciach Eslovaquia Dereito
82. SK TRNAVA01 - Trnavska Univerzita V Trnave Eslovaquia
83. TR ANKARA01 - Ankara Üniversitesi Turquía
84. TR ISTANBU11 - Istanbul Bilgi University Turquía
85. F LE-MANS01 - Université Du Maine Francia
86. TR ADANA01 - Çukurova Üniversitesi Turquía
87. TR MERSIN02 - ÇAG ÜNİVERSİTESİ Turquía



- 88.I ENNA01 - Università Kore di Enna Italia
- 89.I GENOVA01 - Università Degli Studi Di Genova Italia
- 90.I NAPOLI01 - Università Degli Studi Di Napoli Federico II Italia
- 91.I PISA01 - Università Degli Studi Di Pisa Italia
- 92.I TERAMO01 - Università Degli Studi Di Teramo Italia
- 93.P BRAGA01 - Universidade do Minho Portugal
- 94.P BRAGA01 - Universidade do Minho Portugal
- 95.P COIMBRA01 - Universidade de Coimbra Portugal
- 96.P COIMBRA12 - INSTITUTO SUPERIOR BISSAYA BARRETO Portugal
- 97.P LISBOA02 - Universidade de Lisboa Portugal
- 98.D HALLE01 - Martin-Luther-Universität Halle-Wittenberg Alemaña
- 99.I PERUGIA01 - Università Degli Studi Di Perugia Italia
- 100. P ARCOZEL01 - Instituto Politécnico do Cávado e do Ave Portugal
- 101. A INNSBRU01 - Leopold-Franzens Universität Innsbruck Austria
- 102. A SALZBUR01 - Universität Salzburg Austria



1. Universidad de Alcalá de Henares
2. Universidad Autónoma de Madrid
3. Universidad de Barcelona
4. Universidad de Burgos
5. Universidad de Cantabria
6. Universidad de Castilla \_ La Mancha
7. Universidad Complutense de Madrid
8. Universidad de Córdoba
9. Universidad de Extremadura
10. Universidad de Granada
11. Universidad de Huelva
12. Universidad de Jaén
13. Universidad de Jaime I
14. Universidad de Las Palmas de Gran Canaria
15. Universidad de León
16. Universidad de León
17. Universidad Pablo Olavide
18. Universidad Pompeu Fabra
19. Universidad Rovira i Virgili





**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O PARLAMENTO DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS DE PRACTICUM PARA ALUMNOS DA FACULTADE DE DEREITO**

En Santiago de Compostela, a 12 de febreiro de 2004

**COMPARECEN**

Por unha parte o Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro, Rector Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que actúa en nome e representación da Universidade segundo o establecido no artigo 20 da lei 6/2001, de 21 de decembro de Universidades e no Decreto 201/2002, do 13 de Xuño, da Xunta de Galicia.

Por outra parte, o Excmo. Sr. José María García Leira, presidente do Parlamento de Galicia, que actúa en nome e representación da Cámara en virtude do disposto no artigo 31 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Ambas partes recoñécense a representación e mutua capacidade de obrar

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** Que a USC é unha Entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores profesionais e socioeconómicos nos que se inserirán no futuro próximo os seus egresados.

**SEGUNDO.-** Que a Facultade de Dereito da USC ten establecido dentro do seu plano de estudos (2003) a realización dun Practicum de 15 créditos que se estrutura a través de prácticas internas dentro do propio centro e en prácticas externas en colaboración con distintas organizacións de carácter profesional.

**TERCEIRO.-** O Parlamento de Galicia é a máxima institución de autogoberno de Galicia e entre as súas competencias, aparte doutras estatutariamente establecidas, están a de dar a coñecer e promove-lo estudio do dereito autonómico de Galicia así como a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións de Dereito Civil galego.



En vista do que a USC e o Parlamento de Galicia acordan as seguintes

### CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** A finalidade desta colaboración é proporcionar ós alumnos que se van licenciar a posibilidade dunha formación práctica tendente a familiarizalos cos procesos ou actividades que terán que desenvolver nun futuro próximo no ámbito dos seus respectivos traballos. Esta formación habilitarase a través da presenza dos estudantes nas dependencias do Parlamento de Galicia nas que poidan adquirir a mencionada formación, en horarios e coas funcións que se determine pola Comisión de Seguimento.

**SEGUNDA.-** O Practicum estará coordinado pola Facultade de Dereito, correspondendo a supervisión a súa Decana ou persoa na que ela delege. Por parte do Parlamento de Galicia a coordinación desenvolverase a través dos funcionarios que designe a Cámara.

**TERCEIRA.-** A adscrición dos alumnos deberá facerse consonte os criterios fixados polos responsables universitarios.

**CUARTA.-** Ó remate de cada período de Practicum os alumnos deberán elaborar unha memoria final sobre o traballo realizado. Ademais os titores responsables da entidade colaboradora elaborarán un informe sobre a actuación dos estudantes. Este informe servirá como certificación da realización do Practicum dos estudantes no Parlamento de Galicia.

**QUINTA.-** A Universidade de Santiago comprométese a expedi-las correspondentes acreditacions ós profesionais asociados que actúen como titores no Practicum.

**SEXTA .-** Os profesionais titores comprométese a orientar e asesorar individualmente a cada estudante de xeito que se facilite a súa aprendizaxe nese contexto específico a través de diversas actividades, e a facilitar ós estudantes os datos e axudas necesarias para o coñecemento da realidade á que se incorporan de maneira que poidan participar nos proxectos de traballo que se están realizando.

Tamén deberán facer un seguimento formativo do alumnado que titoriza, artellando a fórmula máis axeitada para que a experiencia resulte beneficiosa para ambos e emitir informe de aproveitamento do alumnado segundo os criterios fixados polos responsables universitarios do Practicum.

**SÉTIMA.-** A realización destas prácticas non xenera ningunha relación xurídica, civil nin laboral, entre o Parlamento e os alumnos, os que non percibirán da Cámara ningún tipo de retribución pola súa actividade e manterán cuberta a súa asistencia médica, farmacéutica e hospitalaria co seguro escolar.

O alumnado respectará en todo momento a vida institucional e administrativa do Parlamento ó que se incorporan especialmente coas persoas coas que establecen relación e cos recursos que utilicen.



**OITAVA.-** A realización deste convenio non supón contraprestación económica algunha polas entidades asinantes.

**NOVENA.-** Para o seguimento e cumprimento do convenio establecerase una comisión mixta paritaria integrada por un representante da Facultade de Dereito da USC e un representante do Parlamento de Galicia. Esta comisión dictará as súas normas internas de funcionamento debéndose reunir cando o solicite algunha das partes do mesmo.

Terá asemade as seguintes funcións:


- 1) A interpretación do convenio.
- 2) A proposta de addendas ou modificacións ó mesmo.
- 3) Formular as convocatorias correspondentes a cada curso académico para a realización do Practicum de acordo cos criterios fixados polos responsables universitarios.
- 4) Establecer os criterios de seguimento e avaliación dos programas do Practicum.
- 5) Determinar as dependencias onde se realizarán as actividades do Practicum.
- 6) A intervención previa á resolución por incumprimento, a coordinación de funcións e calquera outra relacionada co bo funcionamento deste convenio.

**DÉCIMA.-** O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e a vixencia será de dous cursos académicos. Transcurrido este tempo, o convenio prorrogarase automaticamente por dous cursos académicos máis, agás denuncia expresa do mesmo por calqueira das partes, e así sucesivamente.

**DECIMOPRIMEIRA.-** As partes poderán modificar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, a súa vez, denunciar o presente acordo comunicando por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data no que o vai dar por rematado. En ámbolos dous casos deberán rematarse as tarefas que se estean a realizar.

**DECIMOSEGUNDA.-** O presente acordo ten natureza administrativa. As dúbidas na súa interpretación serán resoltas pola comisión paritaria así como as discrepancias que poidan xurdir na súa execución. Das cuestións litixiosas coñecerá a xurisdicción contencioso-administrativa dado o carácter público da USC.






E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados

Polo Parlamento de Galicia

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Asdo. José María García Leira



Asdo.. Senén Barro Ameneiro

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS DE PRACTICUM PARA ALUMNOS DA FACULTADE DE DEREITO**

En Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2006

**COMPARECEN**

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que actúa en nome e representación da Universidade segundo o establecido no artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro de Universidades e no Decreto 201/2002, do 13 de xuño, da Xunta de Galicia.



Doutra parte, o Excmo. Sr. D. Luciano Fariña Busto, Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia (en adiante Consello) facendo uso da competencia que lle confire o artigo 8.4 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas e facultado ao efecto para este acto mediante acordo plenario adoptado en sesión celebrada o día 17 de novembro de 2005.

Ámbalas dúas partes recoñécense a representación que ostentan e mutua capacidade de obrar

**EXPOÑEN**

PRIMEIRO.- Que a USC é unha Entidade de Dereito Público que desenvolve

actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores institucionais, profesionais e socioeconómicos nos que se inserirán no futuro próximo os seus egresados.

SEGUNDO.- Que a Facultade de Dereito da USC ten establecido dentro do seu plano de estudos (2003) a realización dun Practicum de 15 créditos que se estrutura a través de prácticas internas dentro do propio centro e en prácticas externas en colaboración con distintas organizacións de carácter profesional.

TERCEIRO.- O Consello, como órgano de fiscalización externa do sector público de Galicia, ten autonomía funcional para o desenvolvemento das súas funcións, segundo se desprende do artigo 1.2 da súa Lei reguladora, e competencia para todo o concernente ao goberno, réxime interior e réxime xurídico do persoal o seu servizo.

CUARTO.- O Consello está interesado en intensificar a colaboración coas universidades públicas de Galicia a fin de impulsar o coñecemento académico da Institución, a investigación científica e divulgación das súas funcións que lle outorga a lexislación vixente.

Na súa virtude a USC e o Consello acordan subscribir o presente Convenio con suxeición as seguintes



## CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A finalidade deste convenio de colaboración é proporcionar aos alumnos que van licenciarse a posibilidade dunha formación práctica tendente a familiarizalos cos procesos ou actividades que terán que desenvolver nun futuro próximo no ámbito dos seus respectivos traballos. Esa formación habilitarase a través da presenza dos estudantes nas dependencias do

Consello nas que poidan adquirir a mencionada formación, en horarios e coas tarefas que se determine pola Comisión de Seguimento.


SEGUNDA.- O Practicum estará coordinado pola Facultade de Dereito, correspondendo a supervisión o seu Decanato ou persoa na que ela delegue. Por parte do Consello a coordinación desenvolverase a través da persoa que sinale o Conselleiro Maior.

TERCEIRA.- A adscrición dos alumnos deberá facerse consonte aos criterios fixados polos responsables universitarios.

O número de alumnos en prácticas destacados pola Universidade no Consello será como máximo de 3 alumnos por curso académico.

CUARTA.- Os alumnos en prácticas comprometeranse a gardar reserva sobre os datos e informes que o Consello non fixera públicos e sobre aqueles outros que pertencendo a outros suxeitos xurídicos o Consello dispón deles exclusivamente para o exercicio das súas competencias.

QUINTA.- Ao remate de cada período de Practicum os alumnos deberán elaborar unha memoria final sobre o traballo realizado. Ademais os titores responsables do Consello elaborarán un informe sobre a actuación dos estudantes. Este informe servirá como certificación da realización do Practicum dos estudantes no Consello.



SEXTA.- A Universidade de Santiago comprométese a expedir as correspondentes acreditacións aos funcionarios asociados que actúen como titores no Practicum.

SÉTIMA.- Os titores comprométese a orientar e asesorar individualmente a

cada estudante de xeito que se facilite a súa aprendizaxe nese contexto específico a través de diversas actividades, e a facilitar aos estudantes os datos e axudas necesarias para o coñecemento da realidade á que se incorporan de maneira que poidan participar nos proxectos de traballo que se están realizando.

Tamén deberán facer un seguimento formativo do alumnado que titoriza, artellando a fórmula máis axeitada para que a experiencia resulte beneficiosa para ambos e emitir informe de aproveitamento do alumnado segundo os criterios fixados polos responsables universitarios do Practicum.

OITAVA.- A realización destas prácticas non supón ningún tipo de relación laboral, estas non serán de ningún xeito retribuídas e non determinarán responsabilidade algunha do Consello, xa que logo os alumnos están cubertos polo seguro escolar.

De acordo co establecido no artigo 140 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, as responsabilidades patrimoniais directas ou subsidiarias que eventualmente puideran imputarse ao Consello por acción ou omisión dos alumnos en prácticas, por razón das actividades conveniadas, será asumida integramente pola Universidade de Santiago de Compostela.



O alumnado respectará en todo momento o réxime interno do Consello a que se incorpora, especialmente coas persoas coas que establecen relación e cos recursos que utilicen.

NOVENA.- A realización deste convenio non supón contraprestación económica algunha polo Consello.

DÉCIMA.- Para o seguimento e cumprimento do convenio establecido

establecerase unha comisión paritaria integrada por un representante da Facultade de Dereito da USC e un representante do Consello. Esta comisión ditará as súas normas internas de funcionamento debéndose reunir cando o solicite algunha das partes do mesmo.

Terá asemade as seguintes funcións:

- 1) A interpretación do convenio.
- 2) A proposta de addendas ou modificacións ao mesmo.
- 3) Formular as convocatorias correspondentes a cada curso académico para a realización do Practicum de acordo cos criterios fixados polos responsables universitarios.
- 4) Establecer os criterios de seguimento e avaliación dos programas do Practicum.
- 5) Determinar as dependencias onde se realizan as actividades do Practicum.
- 6) A intervención previa á resolución por incumprimento, a coordinación de funcións e calquera outra relacionada co bo fundamento deste convenio.



DÉCIMO PRIMEIRA.- O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e a vixencia será de dous cursos académicos. Transcorrido este tempo, o convenio prorrogarase automaticamente por dous cursos académicos máis, agás denuncia expresa do mesmo por calquera das partes, e así sucesivamente.

DÉCIMO SEGUNDA.- As partes poderán modificar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, a súa vez, denunciar o presente acordo comunicando por escrito á outra parte con tres

meses de antelación á data no que vai dalo por rematado. En ámbolos dous casos deberán rematarse as tarefas que estean realizándose.

DÉCIMO TERCEIRA.- O presente acordo ten natureza administrativa. As dúbidas na súa interpretación serán resoltas pola comisión paritaria así como as discrepancias que poidan xurdir na súa execución. Das cuestións litixiosas coñecerá a xurisdición contencioso-administrativa dado o carácter público da USC e do Consello.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados.

